


Dos sons

Escrito por Fino Lorenzo
Mércores, 20 Marzo 2013 20:07



Hai pouco, souben que as campás fúndense dunha soa vez, vertendo o bronce nun molde disposto nun burato da mesma terra, do tamaño e fondo requiridos. Seica é o único xeito de facelo, de acadar o seu característico son cristalino. Así, cada campá posúe o seu propio timbre, indisociable dela, como se os artesáns dispuxeran, tamén, dos coñecementos e técnicas dun afinador. Pola contra, artellándose por anacos, aos pulos, ao longo do tempo, a obra en proceso, afirmándose na aventura das súas deformacións, afonda nas imprescindibles discordancias, na superación gradual das súas contradicións e desarmonías internas. Nesa lenta cristalización, a obra amósase como algo vivo, inacabado, se cadra, ao final, ilusorio, irrealizable. O certo é que non podo imaxinar a un ser humano mantendo, no tempo total da súa vida, unha única voz harmónica.

Escoitar a Thelonius Monk foi, daquela, unha experiencia luminosa e definitiva. Os seus acordes xogaban, displicentes, co erro e a desarmonía, afirmando o baleiro de elipses e silencios, artellando crebacabezas sen o modelo da tapa, descubriendo sentidos agochados en toda nota solta e desprezada, descubríndome un mundo, moito maior, absolutamente visible e real, ateigado deses inservibles retallos que toda pretensión humana de sistema vai deixando ás costas. Nalgún lugar, un tempo despois, atopei casualmente o seu nome completo: Thelonius Sphere Monk.

Adoítamos pensar que a todo solo de jazz lle corresponde un garabato. É unha asociación que ven dada por un elemento común de catarse, de enerxía liberada, por unha tensión controlada e reprimida que explota no intre e contexto axeitado. No garabato albiscamos a imperiosa necesidade de levidade que lle permite fuxir do escenario e vagar polo espazo como papavento sen dono, como se unha solución horizontal, seica terreal de máis, dificultara a percepción, ou mesmo a negase, como sucede con eses xigantescos debuxos xeométricos do

Perú, só visibles na súa totalidade cando o ser humano acadou a altura suficiente.

Na confluencia de son e imaxe hai un punto de inflexión, un momento estelar, que corresponde a coñecida escena de 2001, a odisea de Kubrick, na que as naves espaciais avanza a ritmo de valse. Nese achado feliz, nesa densa desaceleración, albiscamos unha nova sustancia no éter, a conciencia doutras dimensións no espazo. Aínda así, non é a única invención. Hai testemuños que documentan a influencia da película no imaxinario científico e técnico da Nasa, na configuración e artellamento dos seus proxectos espaciais, desde o modelo de traxe ata o deseño da nave. Aínda está por ver se o interior dun burato negro mantén algunha semellanza co da película.

Cando ven por Gondomar, Andrés, un benquerido amigo, lembra como, da man do seu pai, escoitara os berros e prantos das carpideiras asomadas ao balcón da farmacia de Villoch, alá polo final dos anos cincuenta. Un, dez anos máis novo, só coñece esas escenificacións polos documentais ou ficcións cinematográficas. Así e todo, hoxe en día é moi raro ver chorar a alguén nos tanatorios e funerais, aínda que sexa dun xeito modoso e sosegado. De aí que, en ocasións, resulten, cando menos, curiosas, aquelas visitas que, perdendo o ánimo en presenza do finado, son consoladas por uns parentes que fan grandes esforzos por se manter serenos.

O home do tempo asegura que este ano imos ter moita auga. Se cadra, desde que alguén sinalouno como forma poética, soportamos mellor o repenicar da chuvia nos vidros. O certo é que hai uns anos, nuns tempos nos que todo suceso viña revestido de milagre, a chuvia era unha manifestación inseparable da Semana Santa, así se dicía na miña casa, como as longas horas de música sinfónica na radio, ou aquel estrondo das carracas que, prohibindo a risa, impedía todo trazo de seriedade. Eu, daquela, entendía perfectamente que esa atmosfera abafante, ese denso e pesado telón gris chumbo, tiña que ser o escenario axeitado para representar a Paixón. Os nenos o soportan todo, di Lillian Gish, no remate desa fermosa e sempre pertinente fábula que é *A noite do cazador*. Mais, á marxe das súas connotacións extraterrestres e milagreiras, tamén podemos considerar que tal afirmación viña determinada polo aval da experiencia, por unha realidade confirmada ano tras ano. Mais, se cadra, unha das funcións desa realidade, risoña as veces, sempre teimuda, é a de deixar atrancos no camiño das crenzas, no mesmo centro dos máis prolixos escenarios. Un bo día, coincidindo coas miñas primeiras escapadelas do eido familiar, mais, tamén, con cambios máis amplos e xerais, chegou a secura, e a Semana Santa, adiantándose aos paraísos azul turquesa das axencias de viaxes, impúxose como un apracible ensaio do verán. Un verán abreviado e concentrado, de praias cheas de corpos branquiños, indistinguibles da area, cobizosos de sol e melanina. Neses anos luminosos, como un Muro que cae dun día para outro, o Gran Escenógrafo perdeu todos os seus atributos fronte unha secura que se elevaba, lúcida e resplandecente, por riba das escuras tremoias do ceo, sen que pregarias nin rogativas foran quen de frear o proceso. Eu non sei se esta Semana Santa choverá ou non. De todos os

Dos sons

Escrito por Fino Lorenzo
Mércores, 20 Marzo 2013 20:07

xeitos, tanto ten, pois aquelas representacións pertencen, desde entón e para sempre, ao teatro do absurdo.